



MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA PARA A SUPRESIÓN DE BARREIRAS DE COMUNICACIÓN

Antecedentes

Segundo o o artigo 9 do estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia aprobado polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, a Amtega ten entre as súas competencias a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da Sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías. Polo tanto ten entre os seus obxectivos contribuír á mellora da accesibilidade do colectivo de persoas xordas, articulando medidas coma a de facilitar que os usuarios/as conten con servizos de videointerpretación en lingua de signos española, coma ponte de comunicación entre unha persoa que utilice a lingua oral e outra que utilice a lingua de signos, accesible desde distintos puntos das súas oficinas.

A Amtega ten entre os seus obxectivos prioritarios, lograr un desenvolvemento efectivo da Sociedade da Información na Comunidade Autónoma de Galicia, promovendo aquelas accións que faciliten e impulsen a incorporación de toda a sociedade aos novos recursos tecnolóxicos da información e das comunicacións e a implicación dos cidadáns galegos na utilización das novas tecnoloxías como factor xerador de novas capacidades, de emprego e de desenvolvemento económico.

Que a FAXPG - entidade sen ánimo de lucro, está inscrita, no rexistro de asocaións da Xunta de Galicia co número 2004/000107-2^a e no Rexistro autonómico dá Xunta de Galicia de entidades prestadoras de servizos sociais nº E-0204 – ten como obxectivo,





segundo os seus estatutos, fomentar a autonomía e a independencia das persoas xordas e a eliminación das barreiras de comunicación, así como procurar a incorporación das persoas xordas á nova sociedade da información e comunicación, coa finalidade de mellorar a accesibilidade das persoas xordas en todos os ámbitos.

A Lei 27/2007, do 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, establece no seu artigo 9: "De conformidade coa presente Lei encoméndase aos poderes públicos promover a prestación de servizos de interpretes en lingua de signos españolas a todas as persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, cando o precisen, nas diferentes áreas públicas e privadas que se especifican no presente capítulo. (...)"

Recollendo os principios da normativa estatal, a Lei 10/2014 de 3 de Decembro, de accesibilidade de Galicia fundaméntase, entre outros, no principio de accesibilidade universal. De forma específica, no seu artigo 34, establece que "as administracións públicas promoverán a supresión de barreiras de comunicación e o establecemento de mecanismos e alternativas técnicas e humanas, tales como os intérpretes de lingua de signos, que fagan accesibles os sistemas de comunicación e sinalización a toda a poboación, en todos os ámbitos e segundo o establecido na Lei 27/2007, de 23 de Outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas [...]".

Razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos

As partes pretenden promover a supresión das barreiras de comunicación existentes e a mellora da accesibilidade do colectivo de persoas xordas en todos os ámbitos mediante a utilización dos servizos de videointerpretación en lingua de signos española, , accesible desde distintos puntos das súas oficinas.

En particular, o obxecto do convenio consiste en articular a colaboración entre as partes para promover a prestación de servizos de intérpretes en linguas de signos españolas ás persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, para facilitar as súas relacións coa administración pública galega. Para esta finalidade, polo carácter de interese público e carácter social desta actividade, a AMTEGA concede á FAXPG unha subvención para a organización e prestación por esta ás persoas que o precisen do seu





“Servizo de intérpretes de lingua de signos e guías intérpretes de persoas xordocegas”.

Este servizo ás persoas prestarase baixo a dirección, responsabilidade e autonomía na súa organización e prestación polo seu titular, a FAXPG, sen prexuízo das previsións establecidas neste convenio e da colaboración entre as partes para permitir e posibilitar nas mellores condicións posibles a súa prestación.

A colaboración da Amtega e da FAXPG xa se considerou de gran interese e asináronse dez convenios, o 7 de maio de 2013, o 2 de xaneiro de 2014, o 30 de abril de 2015, o 23 de decembro de 2015, o 14 de Xuño de 2017, o 9 de xullo de 2018, o 10 de abril de 2019, o 6 de maio de 2020, o 26 de febreiro de 2021 e o 12 de abril de 2022 e o 7 de novembro de 2023 coa finalidade de promover a supresión das barreiras de comunicación existentes e a mellora da accesibilidade do colectivo de persoas xordas en todos os ámbitos mediante a utilización dos servizos de videointerpretación en lingua de signos española, accesible desde distintos puntos das súas oficinas.

Coa finalidade de darlle continuidade a este servizo ás persoas é necesario asinar un novo convenio de colaboración. En particular, tendo en conta esta finalidade, admitiranse aos efectos da axuda a xustificación de gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2024 ata a data límite de xustificación do convenio.

As actuacións que se desenvolverán en base a este convenio de colaboración son as seguintes:

- 1. Videointerpretación na administración pública xeral: que se levará a cabo a través dalgunha das modalidades seguintes:

- Presencial
- Vía Web

2. Videointerpretación nas urxencias sanitarias do Servicio Galego de Saúde (SERGAS)

3. Interpretación a Lingua de Signos Española da formación presencial

O orzamento estimado de gasto para o desenvolvemento da actuación prevista no convenio é o seguinte:





SERVIZO DE VÍDEOINTERPRETACIÓN EN SERVIZOS DE INFORMACIÓN PRESENCIAL E TELEFÓNICA	
Concepto	Importe
Servizo técnico e licenzas sistema Bildtec (3 meses)	8.841,46 €
Servizo de videointerpretación presencial e vía web, no que se inclúen: Servizo técnico SVISUAL. Horario: Luns a Venres de 08:00 a 20:00 hs. (Festivos non incluídos) Licenzas das liñas SVISUAL: 10 liñas non presenciais con liña externa única.* 13 liñas presenciais con dotación e mantemento de terminais funcionais*	19.321,38 €
Servizo de interpretación presencial a través de intérpretes de LSE	4.000,00 €
APP FAXPG SVILS - Desenvolvemento de app para dispositivos móbiles o tablets	3.569,50 €
Dirección e soporte técnico do proxecto Intérpretes de Lingua de Signos Española	66.161,18 €
Gastos xerais e de administración (seguro de accidente, mutua, subministrados)	3.500,00 €
TOTAL	105.393,42 €

SERVIZO DE VÍDEOINTERPRETACIÓN EN SERVIZOS DE ATENCIÓN DE URXENCIAS DO SERGAS	
Concepto	Importe
Servizo de interpretación en: 14 Servizos de urxencias hospitalarias 90 PACs Teléfono 061	33.033,00
Coordinación do proxecto	5.495,94 €
Técnico de apoio – Intérprete de Lingua de Signos Española	28.649,96 €
Total	67.178,90 €

TOTAL CONVENIO	172.572,32 €
-----------------------	---------------------

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia financiará as accións do presente convenio, ata un máximo de cento setenta e dous mil cincocentos setenta e dous euros con trinta e dous céntimos (172.572,32 €) con cargo á partida orzamentaria 07.A1.571A.781.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

Por todo o exposto, considérase de gran interese a colaboración das partes asinantes, non sendo posible promover a concorrencia pública resultando, polo tanto, de aplicación





o artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia. Neste senso, tendo en conta a importancia das actuacións a realizar como un medio máis para contribuír de forma eficaz e complementara ás políticas de supresión de barreiras da comunicación, e que FAXPG é a única Federación e ten como obxectivo o obxecto final deste convenio, e por razóns de eficacia e efectividade, resúltalle de aplicación a lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

Santiago de Compostela,

O xerente da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

José Luis Somoza Digón

